Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

# ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

**Lugar:** Casa do Concello
**Día:** 6 de outubro do 2016
**Hora de comezo:**14.25  h
**Hora de remate:** 15.00 h

**ASISTENTES:**

Don Ovidio Rodeiro Tato
Don Manuel Fernández Munín
Dona Mª Carmen Botana Cebeiro

**AUSENTES:**

Don Jesús Sanjuás Mera

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

**ORDE DO DIA**

1. **Aprobación da acta anterior**
2. **Xustificación Voluntariado Xuvenil Boqueixón – Vedra 2016**
3. **Convenio de cooperación entre os concellos de Boqueixón e Touro para o funcionamento do Centro de información á Muller no concello de Touro**
4. **Concesión de axuda de emerxencia social**
5. **Baixa definitiva na modalidade de SAF libre concorrencia por paso a SAF dependencia**
6. **Dar conta das altas SAF dependencia**
7. **Licenzas urbanísticas**
8. **Alta no servizo de abastecemento**
9. **Aprobación da conta xustificativa da subvención para a dotación de novidades editoriais en galego e en formato físico da biblioteca municipal de Boqueixón.**
10. **Xustificación de axuda concedida para prevención de incendios forestais mediante a realización de tratamentos preventivos en vías e camiños municipais**
11. **Aprobación facturas**
12. **Inicio contratación do Proxecto de Sustentabilidade Ambiental**

13. **Realización de traballos de execución subsidiaria polo Concello de Boqueixón, na parcela número 986, polígono 513, do lugar de xxxxx-Lestedo. Reclamación débeda.**
14. **Arquivo corta de arboredo no lugar de xxxxxx – Boqueixón**
15. **Arquivo de expediente de reclamación de contía por danos ocasionados en poste e farol, no lugar de xxxxx -Lamas.**
16. **Reclamación de contía por danos ocasionados en farol ornamental roto na travesía de xxxxx – Boqueixón**
17. **Inicio de execución subsidiaria de limpeza na leira número 430 polígono 45 do lugar de Ledesma e rexeitamento de alegación presentada por don Manuel xxxxx**
18. **Inicio de execución subsidiaria de limpeza na leira número 535, polígono 510, de xxxxx – Oural.**
19. **Execución subsidiaria de limpeza de maleza na leira número 77, lugar de xxxxx - Sergude, polígono SAUI 2 e aprobación de memoria valorada dos custos da execución subsidiaria**
20. **Aprobación bases e prezos públicos actividades culturais e deportivas outono 2016**
21. **Devolución ingresos indebidos actividades de verán 2016**
22. **Aprobación gastos de manutención e desprazamento de mozo/a participante do programa "Deseñando o teu futuro "**
23. **Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Boqueixón e o Concello de Santiago de Compostela para o abastecemento de auga potable ó aeroporto de Lavacolla.**
24. **Rogos e preguntas**

## DELIBERACIÓNS

### 1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 22 de setembro do 2016.

### 2. Xustificación Voluntariado Xuvenil Boqueixón – Vedra 2016

No DOG número 58 do 28 de marzo de 2016 publícase a Orde do 11 de marzo de 2016 pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa de Servizo de Voluntariado Xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

Na Xunta de Goberno ordinaria que tivo lugar o día 7 de abril de 2016 adoptouse o acordo de solicitar subvención de Voluntariado Xuvenil, denominado"Programa de Voluntariado Xuvenil Val do Ulla".
Na mesma Xunta de Goberno acordouse que:
"Este proxecto estará desenvolvido polos Concellos de Boqueixón e Vedra, sendo o Concello de Boqueixón o que presenta o proxecto, tal e como se especifica no convenio firmado por ambos os dous concellos, asinado con data 20 de marzo de 2014.
A cada concello corresponderalle un máximo de 10 voluntarios/as, podendo incrementalo no caso de quedar postos vacantes.

O proxecto está previsto que se realice dende xaneiro a outubro, cunha duración máxima de 60 días para cada voluntario/a e un máximo de 20 voluntarios/as
A cantidade subvencionable calcularase a razón de 10 € por voluntario/a e día, dos cales 6 € diarios serán entregados pola entidade ás persoas voluntarias para cubrir os custos de desprazamento e manutención, mentres os 4 € restantes empregaraos a entidade para cubrir gastos dos seguros, gastos correntes que deriven das actividades de voluntariado, adquisición de material funxible, servizos de comunicación, contratación de persoal técnico e experto".

Con data 16 de agosto de 2016 recíbese no concello Resolución da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado , concedendo unha axuda económica de 12000 euros.
Según establece a referida resolución deberase xustificar o presuposto total do proxecto presentado na solicitude inicial, e téndose cumpridos todos os requisitos necesarios para a xustificación da subvención concedida, polo cal  a Xunta de Goberno acorda:

**A/** Aprobar e presentar a seguinte conta xustificativa da subvención concedida pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado por importe de 11.688,48 euros para o servizo de Voluntariado Xuvenil do concello e comunica:

1- Que o orzamento total do proxecto segundo a solicitude é de 12.000 €
2- Que o importe da subvención concedida é de doce mil euros (12.000) €.
3- Que os fondos propios aportados polo concello para este mesmo proxecto é de cero euros (0 €).
4- Que o concello está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte a seguridade social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autonómica.
5- Que o concello non ten solicitudes nin concedidas para este mesmo proxecto axudas procedentes das distintas administracións públicas ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
6- Que o concello desenvolveu as seguintes actividades co gasto que se refire segundo o proxecto presentado na solicitude da subvención indicada:

| Actividade | Gasto |
|---|---|
| Programa de Voluntariado Xuvenil Val do Ulla | 11.688,48€ |

7- Que o importe da subvención concedida para este proxecto foi destinado á finalidade para o cal a subvención foi concedida.

**B/** Aprobar a memoria xustificativa da actividade realizada

**C/** Aprobar e imputar á esta subvención a seguinte relación de gastos:

| Acredor | | Concepto de gasto e documentos | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Razón Social, nome e apelidos** | **Nif / Cif** | **Nº factura** | **Concepto** | **importe** | **Data emisión** | **Data e forma de pago** | **Data e órgano de aprobación** |
| MAPFRE 0961570038098 | xxxxx | Póliza | Seguro R.C | 249,00 € | 28/05/14 | domiciliado | - |
| MAPFRE FAMILIAR 0550980137183 | xxxxx | Póliza | Seguro Acidentes | 154,80 € | 05/03/14 | domiciliado | |
| Bárbara xxxxx | xxxxx | Recibí | Manutención e transporte | 360,00 € | 03/10/16 | transferencia 05/10/2016 | 03/10/16 Decreto |
| Ana María xxxxx | xxxxx | Recibí | Manutención e transporte | 360,00 € | 03/10/16 | transferencia 05/10/2016 | 03/10/16 Decreto |
| Paula xxxxx | xxxxx | Recibí | Manutención e | 360,00 € | 03/10/16 | transferencia | 03/10/16 |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | transporte | | | 05/10/2016 | Decreto |
| César xxxxx | xxxxx | Recibí | Manutención e transporte | 360,00 € | 03/10/16 | transferencia 05/10/2016 | 03/10/16 Decreto |
| Ana xxxxx | xxxxx | Recibí | Manutención e transporte | 360,00 € | 03/10/16 | transferencia 05/10/2016 | 03/10/16 Decreto |
| Marta xxxxx | xxxxx | Recibí | Manutención e transporte | 360,00 € | 03/10/16 | transferencia 05/10/2016 | 03/10/16 Decreto |
| Rafael xxxxx | xxxxx | Recibí | Manutención e transporte | 360,00 € | 03/10/16 | transferencia 05/10/2016 | 03/10/16 Decreto |
| Rosalia xxxxx | xxxxx | Recibí | Manutención e transporte | 360,00 € | 03/10/16 | transferencia 05/10/2016 | 03/10/16 Decreto |
| Andrea xxxxx | xxxxx | Recibí | Manutención e transporte | 360,00 € | 03/10/16 | transferencia 05/10/2016 | 03/10/16 Decreto |
| Cristina xxxxx | xxxxx | Recibí | Manutención e transporte | 360,00 € | 03/10/16 | transferencia 05/10/2016 | 03/10/16 Decreto |
| Inés xxxxx | xxxxx | Recibí | Manutención e transporte | 360,00 € | 03/10/16 | transferencia 05/10/2016 | 03/10/16 Decreto |
| Martín xxxxx | xxxxx | Recibí | Manutención e transporte | 204,00 € | 03/10/16 | transferencia 05/10/2016 | 03/10/16 Decreto |
| Lucía xxxxx | xxxxx | Recibí | Manutención e transporte | 234,00 € | 03/10/16 | transferencia 05/10/2016 | 03/10/16 Decreto |
| Laura xxxxx | xxxxx | Recibí | Manutención e transporte | 360,00 € | 03/10/16 | transferencia 05/10/2016 | 03/10/16 Decreto |
| Roberto xxxxx | xxxxx | Recibí | Manutención e transporte | 360,00 € | 03/10/16 | transferencia 05/10/2016 | 03/10/16 Decreto |
| Yago xxxxx | xxxxx | Recibí | Manutención e transporte | 360,00 € | 03/10/16 | transferencia 05/10/2016 | 03/10/16 Decreto |
| Carme xxxxx | xxxxx | Recibí | | 360,00 € | 03/10/16 | transferencia 05/10/2016 | 03/10/16 Decreto |
| Lorena xxxxx | xxxxx | Recibí | Manutención e transporte | 360,00 € | 03/10/16 | transferencia 05/10/2016 | 03/10/16 Decreto |
| Alicia xxxxx | xxxxx | Recibí | Manutención e transporte | 360,00 € | 03/10/16 | transferencia 05/10/2016 | 03/10/16 Decreto |
| Víctor xxxxx | xxxxx | Recibí | Manutención e transporte | 360,00 € | 03/10/16 | transferencia 05/10/2016 | 03/10/16 Decreto |
| SRBL | xxxxx | Factura | Camisetas | 337,59€ | 07/06/16 | 06/07/16 | 16/06/16 X.G. |
| CHIO xxxxx | xxxxx | Factura | Formación | 199,50€ | 25/08/16 | 05/10/16 | 22/09/16 X.G. |
| PASCUAL VILLAVERDE NÚÑEZ | xxxxx | Nómina 50% | Coordinación Mes de xuño | 1085.19 | 31/06/16 | transferencia | 25/06/14 |
| PASCUAL VILLAVERDE NÚÑEZ | xxxxx | Nómina 50% | Coordinación mes de xullo | 1097.76 | 31/07/16 | transferencia | 25/07/14 |
| PASCUAL VILLAVERDE NÚÑEZ | xxxxx | Nómina 50% | Coordinación mes de agosto | 1097.76 | 31/08/16 | transferencia | 25/08/14 |
| PASCUAL VILLAVERDE NÚÑEZ | xxxxx | Nómina 25% | Coordinación mes setembro | 548.88€ | 31/09/16 | transferencia | 25/09/14 |
| | | | **TOTAL 11.688,48€** | | | | |

**3. Convenio de cooperación entre os concellos de Boqueixón e Touro para o funcionamento do Centro de información á Muller no concello de Touro**

A Lei 5/97, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, sinala no seu artigo 80.2 " O concello exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma nas seguintes materias:
o) A execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade"

Tendo en conta que o Concello de Boqueixón ten recoñecido e acreditado, mediante Resolución da Directora Xeral do Servizo Galego de Igualdade, do 21 de marzo de 2006, un Centro de Información á Muller,

A Xunta de Goberno acorda:

**1.** Aprobar o convenio de cooperación entre o Concello de Boqueixón e o Concello de Touro para o funcionamento do Centro de Información á Muller de Boqueixón no Concello de Touro e que a continuación se transcribe literalmente:

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE BOQUEIXÓN E TOURO PARA O FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER NO CONCELLO DE TOURO

O alcalde do Concello de Boqueixón, don Ovidio Rodeiro Tato e o alcalde do Concello de Touro, don Ignacio Codesido Barreiro acordan formalizar o convenio de cooperación para o funcionamento do Centro de Información á Muller no concello de Touro, tendo en conta que o Concello de Boqueixón ten implantado un Centro de Información á Muller.

**EXPOÑEN**

No ano 2007 (así acordado en Xunta de Goberno do Concello de Boqueixón do 7 de marzo) e con continuación no ano 2008 (así acordado en Xunta de Goberno do Concello de Boqueixón do 16 de xaneiro) implantouse un Punto de Información á Muller no Concello de Touro, asinándose o correspondente convenio de cooperación entre os Concellos de Boqueixón e Touro, posto que Boqueixón ten un CIM. Dito punto de información funcionou de acordo cos criterios e orzamento establecidos polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

No ano 2009 (así acordado en Xunta de Goberno do Concello de Boqueixón do 7 de outubro) o servizo do Punto de Información de Touro seguiuse mantendo se ben o custo do persoal e do local onde se prestaban os servizos non eran obxecto de subvención por parte da Secretaría Xeral de Igualdade.

No ano 2016 o servizo de atención, información ás mulleres e promoción da igualdade no Concello de Touro séguese prestando, se ben non como punto de información á muller (que foron obxecto de supresión no ano 2010), senón como prestación levada a cabo polo Centro de Información á Muller de Boqueixón, co fin de que poidan acceder ás mulleres do concello de Touro os recursos dispoñibles dun xeito rápido e eficaz, garantindo o dereito das mulleres o acceso á información xeral e especializada , dun xeito integral.

Por todo o anterior os concellos asinantes acordan establecer o presente convenio de cooperación segundo as seguintes cláusulas:

**CLÁUSULAS**

**Primeira.**
O obxecto do presente convenio e prestar o servizo de información ás mulleres e promoción da igualdade levado a cabo polo CIM de Boqueixón, no Concello de Touro co fin de que poidan acceder ás mulleres do citado concello os recursos dispoñibles dun xeito rápido e eficaz, garantindo o dereito das mulleres o acceso á información xeral e especializada , dun xeito integral.

**Segunda.-**
O ámbito territorial do servizo será o correspondente ós Concellos de Boqueixón e Touro.

**Terceira .**
O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:
-Posibilitar a prestación dun servizo público.
-Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público.
-Minorar os custos antieconómicos da prestación illada.
-Garantir o acceso da poboación dos concellos asinantes a un servizo público de calidade mediante unha oferta de recursos suficientes e equilibrados.
-Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa
-Valorizar os recursos dispoñibles

**Cuarta:.**
O Concello de Boqueixón comprométese a garantir a asistencia presencial no Concello de Touro co persoal técnico do CIM , coa periodicidade seguinte:
Todos os luns, en horario de 12.00 a 14.00 horas.
Dito horario será modificable en función das necesidades das usuarias.
O Concello de Touro destinará un local axeitado, con mobiliario e os medios técnicos precisos para o correcto funcionamento do servizo.

**Quinta.**
O cese do citado convenio terá lugar cando calquera dos citados concellos o manifeste expresamente

En proba da súa conformidade , ambas partes asinan este convenio por duplicado , e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Polo concello de Boqueixón

Ovidio Rodeiro Tato

Polo concello de Touro

Ignacio Codesido Barreiro

**2**. Dar traslado deste acordo á Secretaría Xeral de Igualdade.

**4. Concesión de axuda de emerxencia social**

Acórdase conceder unha axuda de emerxencia social

**5. Baixa definitiva na modalidade de SAF libre concorrencia por paso a SAF dependencia**

Acórdase unha baixa definitiva na modalidade de SAF libre concorrencia por paso a SAF dependencia

## 6. Dar conta das altas SAF dependencia

Dase conta das altas SAF dependencia

## 7. Licenzas urbanísticas

A) CONCESIÓN LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS. EXPEDIENTE 16/440

Antecedentes:

Con data do 04/03/2016, con rexistro de entrada nº.: 16/440, preséntase unha solicitude de licenza municipal de obras, para a “mellora e ampliación de explotación existente de gando vacún leiteiro”, sita no lugar de xxxxx, na parroquia de Lestedo, a nome de Gerardo xxxxx, con DNI nº: xxxxx, en base ao proxecto técnico, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola, D. Juan Manuel Hermida Vázquez, colexiado nº: 876.

Con data do 26/05/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese un **informe técnico**, no que se di que deberanse modificar distintos apartados técnicos do proxecto presentado, e achegar nova documentación xustificativa do mesmo, así como que deberase solicitar a autorización previa de Augas de Galicia, e obter previamente o informe sectorial favorable da Consellería do Medio Rural.

Con data do 14/06/2016, con rexistro de saída 16/516, de data do 15/06/2016, ponse en coñecemento do promotor do expediente, o contido do informe técnico, para as tramitacións e correccións oportunas.

Con data do 21/06/2016, con rexistro de saída nº: 16/525, solicítase o informe favorable ou autorización previa ao Servizo de Explotación Agrarias, da Consellería do Medio Rural; quen, con data do 30/06/2016, emite o informe favorable correspondente.

Con data do 12/07/2016, con rexistro de entrada 16/1473, preséntase a seguinte documentación, en base ao informe técnico de data do 26/05/2016:

- Anexo I, do proxecto de mellora e ampliación de explotación existente de gando vacún leiteiro
- Solicitude de autorización previa de Augas de Galicia, con rexistro de entrada número 1633 /RX 1572970

Con data do 21/07/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese un novo informe técnico, e no que se di que: o ANEXO I deberase presentar visado, e deberase estar á espera da autorización previa de Augas de Galicia, presentada con rexistro de entrada número 1633 /RX 1572970, e na que as condicións establecidas por este Organismo, serán de obrigado cumprimento.

Con data do 16/08/2016, con rexistro de saída 16/761, de data do 18/08/2016, ponse en coñecemento do promotor do expediente, o contido do informe técnico, para as tramitacións e correccións oportunas.

Con data do 01/09/2016, con rexistro de entrada 16/1851, preséntase a seguinte documentación, en base ao informe técnico de data do 21/07/2016:

- Anexo I, VISADO, do proxecto de mellora e ampliación de explotación existente de gando vacún leiteiro.

Con data do 28/09/2016, con rexistro de entrada núm. 16/2085, polo Organismo Autonómico de Augas de Galicia, achégase a Resolución de data do 26 de setembro de

2016, polo que se AUTORIZA a Gerardo xxxxx, ás obras de mellora e ampliación dunha estabulación de gando vacún leiteiro na parcela 238 do polígono 506, na zona de policía dun rego innominado, no lugar de xxxxx, parroquia de Lestedo (Boqueixón).

Con data do 29/09/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese o **informe técnico favorable**, no que corresponde á normativa urbanística municipal, para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.

Con data do 03/10/2016, emítese o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- A solicitude da licenza municipal de obras
- Os datos identificativos do promotor da licenza
- O proxecto técnico, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola, Juan Manuel Hermida Vázquez, colexiado núm. 876
- O xustificante do pagamento da taxa municipal, por importe de 61,62 € (04/03/2016)
- O informe favorable da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural (30/06/2016)
- A Resolución da Autorización Previa de Augas de Galicia, de data do 26/09/2016
- O informe técnico favorable, da arquitecta municipal, de data do 29/09/2016
- O informe xurídico, de data do 03/10/2016

Unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

*Primeiro*:

Conceder, a **“**licenza municipal de obras**”** a Gerardo xxxxx, con DNI nº: xxxxx, para a “mellora e ampliación dunha explotación existente de gando vacún leiteiro”, sita no lugar de xxxxx, na parroquia de Lestedo, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

01. Número do expediente municipal: 2016/440
02. Promotor do expediente: Gerardo xxxxx
03. D.N.I. do promotor: xxxxx
04. Clasificación urbanística da parcela: Solo Rústico de Protección Ordinaria
Solo Rústico de Especial Protección de Augas
05. Tipo de licenza: Mellora e ampliación dunha explotación existente de gando vacún leiteiro
06. Situación e emprazamento: xxxxx - Lestedo
07. Referencia catastral das parcelas: 15012A506002380000WF
08. Taxa municipal pola tramitación do expediente: 61,62 €
09. Orzamento de execución material das obras: 44066,14 €
10. Liquidación do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.): 837,26 €
11. Técnico redactor do proxecto: Juan M. Hermida Vázquez, enxeñeiro técnico agrícola, colexiado núm. 876
12. Prazos de execución:

- Para comezar as obras: 6 MESES (desde o recibo de notificación desta licenza)
- Para terminar as obras: 3 ANOS (desde o recibo de notificación desta licenza)

b.-) Condicións especiais:

13. As obras a executar, deberanse adaptar as recollidas no proxecto técnico, e ANEXO I visados, e que serviron de base para a tramitación deste expediente. Calquera outra actuación que se vaia a realizar, non incluída na dita documentación técnica, precisará de nova autorización administrativa, ben sexa mediante licenza de obras, ou por comunicación previa, segundo o caso.

14. As condicións da Resolución do Organismo Autonómico de Augas de Galicia, de data do 26 de setembro de 2016, *son de obrigado cumprimento*.

15. Antes do inicio das obras, achegaranse os oficios de dirección de obra, de dirección de execución, e de coordinación de seguridade e saúde.

*Segundo*:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (I.C.I.O.), por importe de **837,26 €**, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación do ICIO:

A liquidación, por importe de **837,26 €**, será ingresada na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do "Concello de Boqueixón."

- Conta Nº: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

*Terceiro*:
**Notificar** este acordo ó interesado

B) CONCESIÓN LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS. EXPTE: 16/592

Antecedentes:

Con data do 31/03/2016, con rexistro de entrada nº.: 16/592, preséntase unha solicitude de licenza municipal de obras, para a "ampliación de explotación existente de gando vacún leiteiro", sita no lugar de xxxxx, na parroquia de Vigo, a nome de Álvaro xxxxx, con DNI nº: xxxxx, en base ao proxecto técnico, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola, Juan Manuel Hermida Vázquez, colexiado núm. 876.

Con data do 26/05/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese un **informe técnico**, no que se di que deberanse modificar distintos apartados técnicos do proxecto presentado, e achegar nova documentación xustificativa do mesmo, así como que deberase someter o expediente ao trámite de incidencia ambiental, e obter previamente o informe sectorial favorable da Consellería do Medio Rural.

Con data do 14/06/2016, con rexistro de saída 16/517, de data do 15/06/2016, ponse en coñecemento do promotor do expediente, o contido do informe técnico, para as tramitacións e correccións oportunas.

Con data do 21/06/2016, con rexistro de saída nº: 16/526, solicítase o informe favorable ou autorización previa ao Servizo de Explotación Agrarias, da Consellería do Medio Rural; quen, con data do 30/06/2016, emite o informe favorable correspondente.

Con data do 12/07/2016, con rexistro de entrada 16/1474, preséntase a seguinte documentación, en base ao informe técnico de data do 26/05/2016:

- Escritura de agrupación de fincas
- Anexo I, do proxecto de ampliación de explotación existente de gando vacún leiteiro
- Solicitude de declaración de incidencia ambiental

Con data do 21/07/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese un novo informe técnico, e no que se di que: o ANEXO I débese presentar visado, e deberase estar á espera do trámite de declaración de incidencia ambiental, en base á solicitude de data do 10/06/2016, con rexistro núm. 1021 /RX 1579873.

Con data do 17/08/2016, con rexistro de saída 16/763, de data do 18/08/2016, ponse en coñecemento do promotor do expediente, o contido do informe técnico, para as tramitacións e correccións oportunas.

Con data do 01/09/2016, con rexistro de entrada 16/1852, preséntase a seguinte documentación, en base ao informe técnico de data do 21/07/2016:

- Anexo I, visado, do proxecto de ampliación de explotación existente de gando vacún leiteiro.
- A Resolución de declaración de incidencia ambiental, de data do 18/08/2016, en cumprimento do disposto no artigo 36, da Lei 9/2013, do 19 de decembro.

Con data do 29/09/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese o **informe técnico favorable**, no que corresponde á normativa urbanística municipal, para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.

Con data do 04/10/2016, emítese o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- A solicitude da licenza municipal de obras
- Os datos identificativos do promotor da licenza
- A escritura de agrupación das parcelas, sobre as que se realizan as actuacións
- O proxecto técnico e ANEXO I visados, e redactados polo enxeñeiro técnico agrícola, Juan M. Hermida Vázquez, colexiado núm. 876
- O xustificante do pagamento da taxa municipal, por importe de 187,90 € (31/03/2016)
- O informe favorable da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural
- A Resolución do Trámite da Declaración de Incidencia Ambiental
- O informe técnico favorable, da arquitecta municipal, de data do 29/09/2016
- O informe xurídico, de data do 03/10/2016

Unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a **"**licenza municipal de obras**"** a don Alvaro xxxxx, con DNI nº: xxxxx, para a "ampliación dunha explotación existente de gando vacún leiteiro", sita no lugar de Carabán, na parroquia de Vigo, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

1. Número do expediente municipal: 2016/592
2. Promotor do expediente: Álvaro xxxxx
3. D.N.I. do promotor: xxxxx
4. Clasificación urbanística das parcelas: Solo Rústico de Especial Protección Agropecuaria
5. Tipo de licenza: Ampliación de explotación existente de gando vacún leiteiro
6. Situación e emprazamento: xxxxx - Vigo
7. Referencia catastral das parcelas: 15012A503004410000WM – 15012B503004400000WF
8. Taxa municipal pola tramitación do expediente: 187,90 €
9. Orzamento de execución material das obras: 73738,70 €
10. Liquidación do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.): 1401,04 €
11. Técnico redactor do proxecto: Juan M. Hermida Vázquez, enxeñeiro técnico agrícola, colexiado núm. 876
12. Prazos de execución:

- Para comezar as obras: 6 MESES (desde o recibo de notificación desta licenza)
- Para terminar as obras: 3 ANOS (desde o recibo de notificación desta licenza)

b.-) Condicións especiais:

- As obras a executar, deberanse adaptar as recollidas no proxecto técnico e Anexo I visados, e que serviron de base para a tramitación deste expediente. Calquera outra actuación que se vaia a realizar, non incluída na dita documentación técnica, precisará de nova autorización administrativa, ben sexa mediante licenza de obras, ou por comunicación previa, segundo o caso.
- As condicións establecidas na Declaración de Incidencia Ambiental, *son de obrigado cumprimento*.
- Antes do inicio das obras, achegaranse os oficios de dirección de obra, de dirección de execución, e de coordinación de seguridade e saúde.

*Segundo*:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (I.C.I.O.), por importe de 1.401,04 €, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación do ICIO:

A liquidación, por importe de **1401,04 €**, será ingresada na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do "Concello de Boqueixón."

- Conta Nº: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

*Terceiro*:

Notificar este acordo ó interesado

C) LEGALIZACIÓN NAVES AGRÍCOLAS E CONCESIÓN DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS. EXPTE.:15/1656

Antecedentes:

Con data do 24/08/2015, con rexistro de entrada nº.: 15/1656, preséntase unha solicitude de legalización de naves agrícolas existentes, e licenza municipal de obras para a ampliación das mesmas, sitas no lugar de xxxxx, na parroquia de Sergude, a nome de Jesús J. xxxxx,

con DNI nº: xxxxx, en base ao proxecto técnico, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola, D. José Manuel Pena Alonso, colexiado nº: 1985.

Con data do 10/09/2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese un informe técnico, no que se di que deberase emendar o proxecto achegado, incorporando unha serie de modificacións técnicas descritas no dito informe, así como deberase solicitar a autorización previa de Augas de Galicia.

Con data do 18/09/2015, con rexistro de saída 15/837, ponse en coñecemento do promotor do expediente, o contido do informe técnico para as tramitacións e correccións oportunas.

Con data do 20/11/2015, con rexistro de entrada 15/2217, preséntase a seguinte documentación, en base ao informe técnico de data do 10/09/2015:

- Solicitude de Autorización previa de Augas de Galicia
- Anexo ao proxecto visado nº: 20150531, de ampliación de naves agrícolas

Con data do 26/11/2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese un novo informe técnico, o que se fai constar que non se fixeron todas as correccións en base ao informe de data do 10/09/2015, e que se precisa tamén a autorización previa do Servizo de Patrimonio Cultural, debido a que as actuacións previstas atópanse na zona de protección do camiño de Santiago (Vía da Prata).

Con data do 01/12/2015, con rexistro de saída 15/1104, de data do 03/12/2015, ponse en coñecemento do promotor do expediente, o contido do novo informe técnico, para as tramitacións e correccións oportunas.

Con data do 09/12/2015, con rexistro de entrada 15/2374, preséntase a seguinte documentación, en base ao informe técnico de data do 26/11/2015:

- Anexo II visado, ao proxecto de legalización e obras de ampliación de naves agrícolas

Con data do 23/12/2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese un novo informe técnico, no que se fai constar que non se fixeron todas as correccións en base ao informe de data do 26/11/2015, polo que deberá emendarse, en base ao disposto neste novo informe.

O contido do informe técnico de data do 23/12/2015, e comunicado directamente ao técnico redactor do proxecto, segundo correo electrónico de data do 22 de decembro de 2015, para as correccións oportunas.

Con data do 28/12/2015, con rexistro de entrada 15/2479, preséntase a seguinte documentación, en base ao informe técnico de data do 23/12/2015:

- Anexo III ao proxecto visado nº: 20150531, de legalización e obras de ampliación de naves agrícolas.

Con data do 13/01/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese un novo informe técnico, e no que se fai constar o seguinte:

1. *Con data do 25/12/2015, e rexistro de entrada nº: 15/2479, achégase a documentación solicitada en informe técnico anterior, no que respecta ó proxecto:*

- *Anexo ó proxecto de ampliación e legalización de naves agrícolas. Localizadas no lugar de xxxxx, parroquia de Sergude, asinado polo enxeñeiro técnico agrícola D. José Manuel Pena Alonso (colexiado COETA nº 1985, e visado COETA (nº 20150531; 23/12/2015).*

2. *Tal e como se indicou en informe anteriores, o expediente tramítase como unha modificación da actividade gandeira recoñecida, para a que é necesaria a execución (e legalización) previa de obras de construción. Deberase presentar a seguinte documentación:*
   *a.- Datos identificativos do titular da actividade*
   *d.- Xustificante de pagamento dos tributos municipais*
   *h.- As autorización e os informes sectoriais que sexan preceptivos (neste caso, Augas de Galicia e Patrimonio Cultural), xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade. As condicións que establezan nos respectivos informes será, de obrigado cumprimento*

*3. Logo de rematar a obra, presentarase comunicación previa para o inicio da actividade, acompañada por certificado final de obra.*

Con data do 02/02/2016, con rexistro de saída núm. 16/87, solicítase o informe ou autorización previa do Servizo de Patrimonio Cultural.

Con data do 17/06/2016, con rexistro de entrada núm. 16/1234, recíbese a autorización previa das obras, do Servizo de Patrimonio Cultural.

Con data do 28/09/2016, con rexistro de entrada núm. 16/2084, recíbese a legalización e autorización previa da obras de Augas de Galicia.

Con data do 30/09/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese o **informe técnico favorable**, no que corresponde á normativa urbanística municipal, para a realización dos traballos expostos na documentación presentada. As condicións indicadas nos informes do Servizo de Patrimonio Cultural, e de Augas de Galicia, son de obrigado cumprimento.

Con data do 03/10/2016, emítese o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- A solicitude da legalización e licenza municipal de obras
- Os datos identificativos do promotor da legalización e da licenza de obras
- O proxecto técnico, e Anexos, redactados polo enxeñeiro técnico agrícola, José Manuel Pena Alonso, colexiado núm. 1985
- O xustificante do pagamento da taxa municipal, por importe de 317,73 € (29/08/2016)
- O informe favorable do Servizo de Patrimonio Cultural (17/06/2016)
- A Legalización e Autorización de obras de Augas de Galicia (28/09/2016)
- O informe técnico favorable, da arquitecta municipal, de data do 30/09/2016
- O informe xurídico, de data do 03/10/2016

Unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

<u>Primeiro</u>:

Legalizar as naves agrícolas propiedade de Jesús J. xxxxx, con DNI núm. xxxxx, sitas no lugar de xxxxx, na parroquia de Sergude, e emprazadas sobre a parcela catastral núm. 15012C505004850000DL, en base á documentación técnica presentada, e aos informe sectoriais, técnico, e xurídico emitidos.

*Segundo*:

Conceder, a **“**Licenza Municipal de Obras**”** a Jesús J. xxxxx, con DNI núm. xxxxx, para a “ampliación das naves agrícolas legalizadas”, sitas no lugar de xxxxx, na parroquia de Sergude, e emprazadas sobre a parcela catastral núm. 15012C505004850000DL, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

1.Número do expediente municipal: 15/1656
2.Promotor do expediente: Jesús J. xxxxx
3.D.N.I. do promotor: xxxxx
4.Clasificación urbanística da parcela: Solo Rústico de Especial Protección de Augas
5.Tipo de licenza: ampliación de naves agrícolas existentes
6.Situación e emprazamento: xxxxx - Sergude
7.Referencia catastral da parcela: 15012C505004850000DL
8.Taxa municipal pola tramitación do expediente: 317,73 €
9.Orzamento de execución material das obras inicial: 11108,06 €
10.Orzamento de execución material das obras das naves a legalizar: 8900,57 €
11.Total orzamento de execución material das obras: 11108,06 + 8900,57 = 20008,63
12.Liquidación do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras 1,9 % (I.C.I.O.): 380,16 €
13.Técnico redactor do proxecto: José Manuel Pena Alonso, enxeñeiro técnico agrícola, colexiado núm. 1985
14.Prazos de execución:

- Para comezar as obras: 6 MESES (desde o recibo de notificación desta licenza)
- Para terminar as obras: 3 ANOS (desde o recibo de notificación desta licenza)

b.-) Condicións especiais:

15.As obras a executar, deberanse adaptar as recollidas no proxecto técnico e anexos visados, e que serviron de base para a tramitación deste expediente. Calquera outra actuación que se vaia a realizar, non incluída na dita documentación técnica, precisará de nova autorización administrativa, ben sexa mediante licenza de obras, ou por comunicación previa, segundo o caso.

16. As condicións da autorización de obras de Augas de Galicia, son de obrigado cumprimento.

17. As condicións da autorización de obras do Servizo de Patrimonio Cultural, son de obrigado cumprimento.

18. Unha vez rematadas as obras, presentarase o certificado final de obra, xunto coa comunicación previa para o inicio da actividade.

Terceiro:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (I.C.I.O.), por importe de 380,16 €, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación do ICIO:

A liquidación, por importe de **380,16 €**, será ingresada na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

*Cuarto*:

Notificar este acordo ó interesado

D) CONCESIÓN LICENZA MUNICIPAL DE SEGREGACIÓN. EXPTE: 16/785

Antecedentes:

Con data do 28/04/2016, con rexistro de entrada nº: 16/785, por D. Manuel xxxxx, con DNI nº: xxxxx, preséntase un proxecto técnico de segregación, da finca catastral nº.: 001902100NH43G0001OJ, en realidade a núm. **001902100NH43G0000IH**, emprazada urbanísticamente en Solo de Núcleo Rural - Ordenanza de Núcleo Histórico Tradicional.

Con data do 04/05/2016, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un informe técnico (con relación ao expediente presentado), no que se especifica que o proxecto achegado, non dá debido cumprimento á normativa da ordenanza municipal correspondente, polo que deberá corrixirse parte da documentación técnica presentada, para o cal, o concello, mediante oficio de data do 09/05/2016, con rexistro de saída núm. 16/383, de data do 10/05/2016, pono en coñecemento do promotor do expediente, aos efectos oportunos.

Con data do 03/06/2016, con rexistro de entrada núm. 16/1102, achégase un ANEXO ó proxecto inicialmente presentado, coas modificacións en base ao informe técnico de data do 04/05/2016.

Con data do 23/06/2016, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un novo informe técnico, no que se especifica que as modificacións incluídas no ANEXO presentado, non dan debido cumprimento á normativa da ordenanza municipal correspondente, polo que deberá volver a corrixirse a nova documentación técnica presentada, para o cal, o concello, mediante oficio de data do 27/06/2016, con rexistro de saída núm. 16/570, de data do 29/06/2016, pono en coñecemento do promotor do expediente, aos efectos oportunos.

Con data do 22/07/2016, con rexistro de entrada núm. 16/1579, achégase un novo ANEXO ó proxecto de segregación, coas modificacións en base ao informe técnico de data do 23/06/2016.

Con data do 04/08/2016, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un novo informe técnico favorable ao expediente de referencia. Consta unha dilixencia do responsable do dto. de urbanismo, mediante a cal se fai constar que, en base a unha conversa telefónica co técnico autor do expediente, está previsto que se presente un novo modificado do proxecto de segregación.

Con data do 05/09/2016, con rexistro de entrada núm. 16/1872, achégase un novo proxecto técnico, modificado da segregación presentada, e en base ao expediente de referencia.

Con data do 19/09/2016, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un novo **informe técnico favorable**, ao expediente de referencia.

Consta no expediente a xustificación do ingreso da taxa, pola solicitude desta licenza municipal, por importe de 308,10 € (ingresada aos efectos con data do 29/04/2016), polo que unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a D. Manuel xxxxx, con DNI nº: xxxxx, a licenza municipal, para a **“**segregación da finca catastral núm. 001902100NH43G0000IH**”**, sita no Lugar de xxxxx,

na parroquia de Sta. María de Lestedo (Concello de Boqueixón), emprazada urbanísticamente en Solo de Núcleo Rural - Ordenanza de Núcleo Histórico Tradicional, en base á documentación técnica presentada, con data do 05/09/2016, con rexistro de entrada núm. 16/1872, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e coas seguintes condicións:
1. Núm. do expediente: 16/785
2.Promotor da licenza: MANUEL xxxxx
3.D.N.I. do promotor: xxxxx
4.Clasificación urbanística: Solo de núcleo rural (Ordenanza de núcleo histórico tradicional)
5.Tipo de licenza: SEGREGACIÓN DE FINCA
6.Referencia catastral da finca: 001902100NH43G0000IH
7.Situación e emprazamento: xxxxx - LESTEDO
8.Técnico autor do proxecto: BRAIS VÁZQUEZ REY. Enx. Técnico Agrícola. Col: 1831

Descrición da parcela inicial, e das parcelas resultantes:

1.- PARCELA MATRIZ 021**:** referencia catastral 001902100NH43G0000IH
Finca excluída dos procesos de concentración parcelaria, emprazada no lugar de xxxxx, na parroquia de Sta. María de Lestedo, cunha extensión superficial catastral de **5.416 m2**, e que linda: norte, Manuel xxxxx, Lourdes xxxxx, e María xxxxx; sur, Sinda Rodeiro, Manuel xxxxx, e en parte camiño; leste, Manuel xxxxx; e oeste, camiño.
Inscrita no rexistro da propiedade de Santiago de Compostela nº 1:
Tomo 1347, libro 93, folio 1128, finca 18.883, Inscr. 1ª

2.- PARCELAS RESULTANTES:

2.1- Parcela 021-1:
Clasificada urbanísticamente como solo de Núcleo Rural – Ordenanza de Núcleo Histórico Tradicional

| | |
|---|---|
| Superficie bruta: | 729 m2 |
| Cesión Municipal: | 18 m2 |
| Superficie neta: | 711 m2 |
| Lindeiros: | Norte: camiño |
| | Sur: resto da finca matriz, que logo se dirá |
| | Leste: parcela catastral 5097 |
| | Oeste: camiño |

2.2- Parcela 021-2:
Clasificada urbanísticamente como solo de Núcleo Rural – Ordenanza de Núcleo Histórico Tradicional

| | |
|---|---|
| Superficie bruta: | 721 m2 |
| Cesión Municipal: | 46 m2 |
| Superficie neta: | 675 m2 |
| Lindeiros: | Norte: camiño |
| | Sur: parcela catastral 5099 |
| | Leste: parcela 021-3, que logo se dirá |
| | Oeste: resto da finca matriz, que logo se dirá, e parcela catastral 5097 |

2.3- Parcela 021-3:

Clasificada urbanísticamente como solo de Núcleo Rural – Ordenanza de Núcleo Histórico Tradicional

| | |
|---|---|
| Superficie bruta: | 769 m2 |

Cesión Municipal: 94 m2
Superficie neta: 675 m2
Lindeiros: Norte: camiño
Sur: parcela catastral 5099
Leste: parcela catastral 5129
Oeste: parcela 021-2, descrita anteriormente

4.1- Resto da finca matriz 021:
Clasificada urbanísticamente como solo de Núcleo Rural – Ordenanza de Núcleo Histórico Tradicional
Superficie bruta: 3197 m2
Cesión Municipal: 82 m2
Superficie neta: 3115 m2
Lindeiros: Norte: parcela catastral 5097; e parcela segregada 021-1
Sur: camiño, parcela catastral 5096, e parcela catastral 5099
Leste: parcela segregada 021-2, e parcelas catastrais 5099 e 5096
Oeste: camiño, e parcela segregada 021-1

Segundo:

Aceptar, en base ao establecido no artigo 24.2, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; as cesións municipais correspondentes ás parcelas 021-1 (**18 m²**); 021-2 (**46 m²**); 021-3 (**94 m²**); e resto da parcela matriz (**82 m²**), e destinalas á ampliación das vías públicas municipais, ás que dan fronte.

*Deberá presentar, a nome do Concello de Boqueixón, a escritura pública de cesión.*

Terceiro:
Notificar este acordo ao interesado

**8. Alta no servizo de abastecemento**

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento de auga, inclúese como beneficiario do servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

| **Nome** | **DNI** | **Enderezo inmoble** | **Taxa** | **Importe conexión/ instalación contador** |
|---|---|---|---|---|
| Emilio J. xxxxx | xxxxx | xxxxx Boqueixón | 109,73 € | 483,98 € |

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

**1º-** Dar de alta no servizo de abastecemento ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente, así como o importe pola conexión á rede, que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.
A alta concedida é para execución de obras, en base á licenza municipal concedida para a construción dunha vivenda unifamiliar.

A dita taxa de abastecemento correspondente a Emilio J. xxxxx, xa consta ingresada nas arcas municipais, con data do 29/09/2016, figurando o xustificante de ingreso.

**2.-** Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente, ó seguinte enderezo:
xxxxx
Santiago de Compostela (A Coruña)

**9. Aprobación da conta xustificativa da subvención para a dotación de novidades editoriais en galego e en formato físico da biblioteca municipal de Boqueixón.**

No DOG número 78 do día 25 de abril de 2016, publícase a Orde do 1 de marzo de 2016 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola que se establecen as bases reguladoras da subvención destinada a concellos de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino a bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra herdeiros de dona María xxxxx, propietarios da leira dedicada a monte número 500, polígono 503, do lugar de xxxxx - Lamas, por proceder os mesmos cos traballos de corta de arboredo ata gardar as distancias esixidas pola Lei 3/2007 de 9 de abril en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia

2. Informar que as leiras dedicadas a monte terán que manterse limpas, libre de maleza e dita limpeza facela con carácter periódico, para evitar o perigo de incendio.

3. Comunicar o acordo os interesados.

**15. Arquivo de expediente de reclamación de contía por danos ocasionados en poste e farol, no lugar de xxxxx-Lamas.**

Con data 4 de xuño do 2016 o vehículo BMW, modelo 330CI COUPÉ, matrícula xxxxx, saíuse da estrada AC 261, impactando contra un poste de luminaria pública, destrozando o poste e o farol público.

Según os datos facilitados pola empresa encargada do mantemento da iluminación pública do Concello de Boqueixón, o vehículo figura asegurado na compañía de seguros ALLIANZ compañía de seguros y reaseguros SA e o propietario do vehículo é don Ramón xxxxx.

Na Xunta de Goberno do 7 de xullo do 2016 acordouse aprobar a valoración do arranxo do columna e farol destrozados en xxxxx-Lamas o 4 de xuño do 2016, por importe total de 1.918,44 € IVE engadido; comunicar á ALLIANZ compañía de seguros y reaseguros SA e o propietario do vehículo BMW, modelo 330CI COUPÉ, matrícula xxxxx, don Ramón xxxxx, que ou ben o propietario do vehículo ou ben a compañía de seguros, deberán proceder nun prazo máximo de 30 días co aboamento do custo do arranxo da columna e farol de alumeado público, destrozados en xxxxx-Lamas, por importe total de 1.918,44 € IVE engadido e deuselles trámite de audiencia.
Con data 22 de xullo do 2016, don José Luis Calzón, perito da compañía Allianz, solicita e recibe copia de documentación do expediente 16/616: presuposto, fotografías, e nº de conta do concello.

Con data 12 de agosto do 2016, a compañía de seguros Allianz, en relación co sinistro referenciado ingresa na conta do concello o importe total de 1.774,60 euros.

Existindo unha diferenza de 143,84 euros entre o importe total aprobado en Xunta de Goberno (1.918,44 euros) e o importe ingresado pola compañía de seguros (1.774,60 euros), comunícaselle á compañía de seguros Allianz, con data 23 de setembro do 2016 número de saída 16/894, que deberán ingresar a citada diferenza.

Con data 27 de setembro do 2016, número de entrada 16/2076, a compañía de seguros Allianz informa, que en relación co sinistro 557216341 / 124 – 0641, asegurado don Ramón xxxxx, data do sinistro 4 de xuño do 2016, vehículo con matrícula xxxxx, "que a diferenza existente entre o total reclamado e o total indemnizado deriva da aplicación do porcentaxe de redución en concepto de depreciación nas partidas que se detallan a continuación:

- Retirada de poste e base formigonada: 175 euros
- Base formigonada para colocación de poste: 135,23 euros
- Subministro poste de formigón HV.160 R-09: 395 euros, 15% depreciación: 335,75 euros
- Subministro farol VSAP 100W: 217,12 euros , 15% depreciación 184,55 euros
- Materiais amarre RZ: 20,74 euros, 15 % depreciación17,62 euros
- Materiais 38 m liña BT condutor RZ:159,60 euros, 15% 135,66 euros
- M.O. 8 horas oficial a 20,27 euros: 162,16 euros
- M.O. 8 horas axudante a 18,08 euros : 144,64 euros
- Traballos camión grúa 4 horas a 44,00 euros: 176 euros
- Subtotal: 1.585,49 euros ; 1.466,61 euros
- IVA: 332,95 euros, ... ....307,99 euros
- Total: 1.918,44 euros… , 1.774,60 euros

O RD 1777/2004 de 30 de xullo polo que se aproba o regulamento do imposto sobre sociedades fai referencia no seu artigo 2 á "amortización según tablas de amortización oficialmente aprobadas. A depreciación entenderase efectiva cando sexa resultado de aplicar ó prezo de adquisición o coste de produción do elemento patrimonial do inmovilizado algún dos seguintes coeficientes:
b) O coeficiente de amortización lineal que se deriva do período máximo de amortización establecido nas tablas de amortización oficialmente aprobadas."

O artigo 2.5 sinala que "as tablas de amortización oficialmente aprobadas e as instrucións para a súa aplicación son as que constan no anexo do regulamento."

Aplicouse do anexo a división 9 outros servizos, agrupación 95, elementos comúns " Instalacións eléctricas, liñas e redes de distribución, centros de transformación e elementos de control, coeficiente lineal máximo 8 e período máximo de anos 25.

Neste caso o cálculo da depreciación é igual o prezo dos elementos (farol e material de amarre: 792,46 € sen IVE), dividido pola súa vida útil (25 anos) e multiplicado por 3.75 anos que a compañía estimou que tiñan os materiais de antiguidade, o cal da unha depreciación do 15% sobre o prezo de partida.

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Aceptar a porcentaxe de redución do 8 % por aplicación da amortización, tal e como se establece no artigo 2, do RD 1777/2004 de 30 de xullo polo que se aproba o regulamento do imposto sobre sociedades no seu artigo 2 e aceptar o importe ingresado pola compañía de seguros ALLIANZ por un total de 1.774,60 euros.

2. Arquivar o expediente de reclamación de gastos contía por danos ocasionados en poste e farol, no lugar de xxxxx-Lamas.

3. Dar traslado deste acordo ós interesados

**16. Reclamación de contía por danos ocasionados en farol ornamental roto na travesía de xxxxx – Boqueixón**

Con data 8 de agosto do 2016 o tractor modelo John Derek, matrícula xxxxx, manobrando na estrada AC 960, Travesía de O Forte, impactou contra un farol público ornamental , destrozando o mesmo.

Según datos facilitados pola empresa encargada do mantemento da iluminación pública do Concello de Boqueixón, o tractor é propiedade de SAT AS REGAS, 924 XUGA, e figura asegurado na compañía de seguros Mapfre Familiar, Seguros e Reaseguros SA.

Consta no expediente reportaxe fotográfica do farol destrozado e presuposto número 658, de data 12/08/2016, realizado pola empresa Montaxes Eléctricos Fernández SL, empresa encargada do mantemento da iluminación pública do Concello de Boqueixón, que reflicte o custo de reposición do farol roto na Travesía de O Forte ó 08/08/2016.

Ascenden os traballos de reposición a un custo total (con IVE engadido) de **838,90€.**

Consideracións xurídicas

-O artigo 2.2 do RD 1372/1986, de 13 de xuño polo que se aproba o regulamento de bens das corporacións locais sinala que " Os bens de dominio público serán de uso ou de servizo público".

-O artigo 3.1 do citado regulamento sinala que "Son bens de uso público local camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, pontes e demais obras pública de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan de competencia da entidade local".

-O artigo 9.2 do citado regulamento sinala que "As entidades locais teñen a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos".
-O artigo 44.2 do citado regulamento establece que para a defensa do seu patrimonio e para asegurar a axeitada utilización deste, as corporacións locais poden establecer e impoñer sancións de acordo co previsto na normativa sectorial aplicable.

Téndose acreditado mediante a reportaxe fotográfica os danos ocasionados no farol público, situados a carón estrada AC 960, polo tractor modelo John Derek, matrícula xxxxx, propiedade de SAT AS REGAS, 924 XUGA e téndose presuposto de reparación

presuposto número 658, de data 12/08/2016, concepto “farol ornamental roto na travesía de xxxxx - o 08/08/2016, por importe total (IVE engadido) de 838,90 €, a Xunta de Goberno acorda:

**1.** Aprobar a valoración do arranxo do farol destrozado na travesía de xxxxx o 8 de agosto do 2016, por importe total de **838,90 €** (IVE engadido).

**2.** Comunicar á Mapfre Familiar, Seguros e Reaseguros SA e o propietario do tractor modelo John Derek, matrícula xxxxx, propiedade de SAT AS REGAS, 924 XUGA, que ou ben o propietario do tractor ou ben a compañía de seguros, deberán proceder nun prazo máximo de 30 días co aboamento do custo do arranxo do farol de alumeado público, destrozado no lugar de Travesía de xxxxx, a carón na AC 960, por importe total de **838,90 €** , IVE engadido.

**3.** Darlle trámite de audiencia á Mapfre Familiar, Seguros e Reaseguros SA e o propietario do tractor modelo John Derek, matrícula xxxxx, propiedade de SAT AS REGAS, 924 XUGA, para que no prazo de 10 días poidan presentar alegacións ou documentación oportuna.

**17.Inicio de execución subsidiaria de limpeza na leira número 430 polígono 45 do lugar de Ledesma e rexeitamento de alegación presentada por don Manuel xxxxx**

O 6 de xullo do 2016 co número de entrada 16/1411, don Jesús xxxxx, con domicilio en Ponte Ledesma xxxxx, presenta escrito solicitando a limpeza da leira de monte, que está preto da súa vivenda, posto que está sen limpar a maleza (Leira número 430 do plano)

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, que a parcela é a número 430 e o polígono o número 45, do lugar de xxxxx, Ponte Ledesma, propiedade de dona Esclavitude xxxx e don Manuel xxxxx.

Na Xunta de Goberno do 21 de xullo do 2016 requiriuselle ós propietarios da leira número 430, polígono 45, do lugar de Ponte Ledesma, dona Esclavitud xxxxx e don Manuel xxxxx para que procedesen en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza da leira ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais libres de maleza respecto da vivenda de don Jesús xxxxx.

Que en caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas e que nos vindeiros anos, tendo en conta que a vostede se lle ven esixindo reiteradamente que proceda á limpeza ou corta, na leira número 430, polígono 45, do lugar de Ponte Ledesma (Requirimentos de limpeza na Xunta de Goberno do 7/10/2009, do 04/06/2015; requirimento de corta de piñeiro na Xunta de Goberno do 17 de xaneiro do 2007) INFORMARLLE que a partir do ano 2017, procederase de oficio coa limpeza da citada leira e antes de que se inicie a época de perigo de risco de incendios forestais, se vostede non o fai.”

Déuselle igualmente trámite de audiencia.

Con data 12 de agosto do 2016, co número de entrada 16/1759, don Manuel xxxxx, propietario da parcela de monte número 430, polígono 45 “xxxxx” – Ledesma, presenta escrito no cal alega que don Jesús xxxxx pechou o camiño polo que viña accedendo á leira de monte. Que dita interrupción do acceso orixinou un litixio, pendente de sentenza e que dito feito non parece vir reflectido nos informes técnicos.

Que unha vez se dispoña de acceso para a leira procederase a realizar as periódicas limpezas para cumprir o sinalado no artigo 21 da Lei 7/2012 de Montes de Galicia.
Solicita que se teña por cumprido no presente ano co requirimento de limpeza e retirada de maleza e para vindeiras ocasións que se teña por coñecida a existencia do litixio.
Así mesmo solicita copia da totalidade do expediente que da orixe o acordo da Xunta de Goberno do 21 de xullo do 2016.

Con data 3 de outubro do 2016 o técnico municipal sinala *que “Feita inspección técnica no lugar de Ponte Ledesma, compróbase que a leira número 430 polígono 45, dedicada a monte está con abundante maleza e a menos de 50 metros perimetrais da vivenda do denunciante , don Jesús xxxxx.*
*Existe perigo de incendio.*
*Non se respecta o establecido no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.”*

Con data 4 de outubro do 2016 a memoria valorada, realizada pola arquitecta municipal Mª Carmen Novoa Sío, de desbroce e limpeza da parcela número 430, polígono 45 do lugar de xxxxx - Ledesma, sinala que:
*“Toda a superficie da finca que son 719 m2, segundo datos catastrais, queda incluída na rede secundaria de xestión de biomasa.*
*Tendo en conta a ordenanza municipal vixente, realízase a seguinte valoración das actuacións necesarias:*

| *PARTIDA* | *MAN DE OBRA* | *XORNADAS* | *IMPORTE* |
|---|---|---|---|
| *Roza e limpeza por medios manuais (30 €/h)* | *2 operarios* | *16 horas (2 xornadas)* | *960 €* |
| *Xestión de residuos* | | | *550 €* |
| | | ***TOTAL*** | ***1.510 €*** |

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

A) Procede que para entrar na leira número 430, polígono número 45 o propietario o faga de xeito similar a como fixo nos anteriores expedientes tramitados de limpeza/corta de biomasa vexetal: no ano 2006 don Jesús xxxxx solicitaba que se procedese á cortar dun piñeiro situado na leira número 430, polígono número 45, que ameazaba con caer enriba da súa casa. Dito expediente foi arquivado na Xunta de Goberno do 07/03/2007, por procedere don Manuel xxxxx coa corta do citado piñeiro.

No ano 2009 don Jesús xxxxx solicitaba que se procedese na leira número 430, polígono número 45 a cortar piñeiros e a limpar maleza existente ata gardar a distancia esixida pola normativa en materia de prevención de incendios forestais. Dito expediente foi arquivado

na Xunta de Goberno de 17 de marzo do 2010, por procederse cos traballos de limpeza e corta de arboredo.

No ano 2015 (O 27 de maio do 2015) don Jesús xxxxx solicitaba que se procedese a limpeza da leira número 430, polígono número 45, posto que levaba máis de cinco anos sen limpar , con toxos grandes e perigo de incendio.
O 13 de novembro do 2015, con número de entrada 15/1964 don Manuel xxxxx autorizaba ó Concello de Boqueixón, a entrar na leira número 430, polígono 45 e proceder coa limpeza de maleza existente . Ingresa os custos derivados da execución subsidiaria con data 14 de outubro do 2015.
Dito expediente foi arquivado na Xunta de Goberno de data 19 de novembro do 2015, unha vez que a leira foi obxecto de limpeza, desbroce e retirada de madeira por unha empresa que realizou os citados traballos (Cruceiro-Servizo e Axuda Agrícola Forestal). En ningún momento a citada empresa fixo constar que non tivera acceso para entrar na citada leira.

B) A Lei 3/ 2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que: "Esta lei ten por obxecto defender os monte ou terreos forestais fronte aos incendios e PROTEXER ÁS PERSOAS E OS BENS por eles afectados."

C) - O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sinala que "Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente."

D)- O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que "Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a :
a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

E)- O artigo 5 do Regulamento de servizos das corporacións locais, de 17/06/1955 establece a intervención das corporacións locais na actividade dos seus administrados, a través de ordes individuais, constitutivas de mandato para a execución de actos.

F) O artigo 98 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro , regula a execución subsidiaria dos actos que poidan ser realizados por suxeito distinto do obrigado e sobre o seu custo.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

**1.** Rexeitar a alegación presentada por don Manuel xxxxx, no senso que como propietario da leira número 430, polígono número 45, pode entrar na mesma de xeito similar a como fixo en anteriores expedientes tramitados de limpeza/corta de biomasa vexetal por este concello.

**2.** Iniciar o expediente de execución subsidiaria para proceder coa total limpeza de maleza na leira número 430, polígono número 45, do lugar de xxxxx – Ledesma, propiedade de don Manuel xxxxx e dona Esclavitude xxxxx.

**3**. Aprobar a memoria valorada de desbroce e limpeza da leira número 430, polígono número 45, do lugar de xxxxx – Ledesma, que sinala que os custos de execución subsidiaria ascenden a un total de 1510 euros.

**4.** Comunicar que os traballos de execución subsidiaria de limpeza de maleza ascenden a un total de **1.510 euros**, que terán que ser **aboados polos propietarios** da leira número 430, polígono número 45, lugar xxxx, Ledesma, don Manuel xxxxx e dona Esclavitude xxxxx.

**5.** Dar traslado de copia do expediente a don Manuel xxxxx.

**6.** Dar trámite de audiencia os citados propietarios para que presenten no seu caso as alegacións que estime pertinentes.

**18. Inicio de execución subsidiaria de limpeza na leira número 535, polígono 510, de xxxxx – Oural.**

O 11 de agosto do 2016 co número de entrada 16/1745, don Ramón xxxxx, con domicilio en Oural, presenta escrito solicitando a limpeza da leira de monte, que está preto da súa casa, por estar con abundante maleza, pólas….
Solicita a limpeza e recollida de toda a maleza.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, e mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón que a leira é propiedade de don Ramón xxxxx.

Na Xunta de Goberno do 18 de agosto do 2016 requiríuselle ó propietario da leira de monte número 535, polígono 510, don Ramón xxxxx para que procedese en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza da leira ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais respecto da vivenda de don Ramón xxxxx; que en caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas e déuselle igualmente trámite de audiencia.

Con data 3 de outubro do 2016 o técnico municipal sinala *que* Feita segunda inspección inspección técnica no lugar de xxxxx - Oural sobre a finca dedicada a monte nº 535 polígono 510, preto da vivenda de don Ramón xxxxx, compróbase que a mesma está con maleza abundante, polas de árbores…. , Non se respecta o establecido no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.
Con data 4 de outubro do 2016 a memoria valorada, realizada pola arquitecta municipal Mª Carmen Novoa Sío, de roza e limpeza da parcela número 535, polígono 510 do lugar de xxxxx - Oural, sinala que:
*"A superficie da finca que queda incluída na rede secundaria de xestión de biomasa é de 3.420 m2.*
*Tendo en conta a ordenanza municipal vixente, realízase a seguinte valoración das actuacións necesarias:*

| PARTIDA | MAN DE OBRA | XORNADAS | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| *Roza e limpeza por medios mecánicos (60 €/h)* | *1 operario* | *16 horas<br>(2 xornadas)* | *960 €* |
| *Xestión de residuos* | | | *550 €* |
| | | ***TOTAL*** | ***1.510 €*** |

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sinala que "Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente."

- O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que "Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a :
a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

- O artigo 5 do Regulamento de servizos das corporacións locais, de 17/06/1955 establece a intervención das corporacións locais na actividade dos seus administrados, a través de ordes individuais, constitutivas de mandato para a execución de actos.

- O artigo 98 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro , regula a execución subsidiaria dos actos que poidan ser realizados por suxeito distinto do obrigado e sobre o seu custo.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

**1.** Iniciar o expediente de execución subsidiaria para proceder coa total limpeza de maleza na leira número 535, polígono número 510, do lugar de xxxxx - Oural, propiedade de don Ramón xxxxx.

**2.** Aprobar a memoria valorada de desbroce e limpeza da leira número 535, polígono número 510, do lugar de xxxxx – Oural, que sinala que os custos de execución subsidiaria ascenden a un total de 1510 euros.

**3.** Comunicar que os traballos de execución subsidiaria de limpeza de maleza ascenden a un total de **1.510 euros**, que terán que ser **aboados polo propietario** da leira don Ramón xxxxx.

**4.** Dar trámite de audiencia o citado propietario para que presente no seu caso as alegacións que estime pertinentes.

**19. Execución subsidiaria de limpeza de maleza na leira número 77, lugar de xxxxx-Sergude, polígono SAUI 2 e aprobación de memoria valorada dos custos da execución subsidiaria**

O 28 de xullo do 2016 co número de entrada 16/1621, don Manuel xxxxx y otros, con domicilio en xxxxx - Sergude número 31, presenta escrito solicitando a limpeza de leiras dedicadas a monte, que están preto de vivendas.
Manifesta que sean apercibidos os socios do polígono de Sergude, a través do seu presidente.

Con data 3 de agosto do 2016, número de entrada 16/1665, don Manuel xxxxx y otros, presenta escrito manifestando que os propietarios das vivendas afectadas pola falta de limpeza das leiras son don Manuel xxxxx, don José xxxxx, dona María xxxxx e don Isaac xxxxx.
Así mesmo sinala que os propietarios das parcelas con maleza don socios da Xunta de Compensación SAUI 2 Sergude.

Con data 5 de agosto do 2016, número de entrada 16/1681, e previa conversa telefónica , don Julio xxxxx, remite plano do parcelario do SAUI 2, sinalando a relación de parcelas do SAUI 2 afectadas, como zona de protección de incendios, e que deben ser obxecto de limpeza.
Sinálase que a parcela número 77 pertence a ó Ministerio de Economía e Facenda.

No decreto de data 5 de agosto do 2016 resolveuse requirirlle ó Ministerio de Economía e Facenda que procedese en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza na leira número 77 do plano parcelario do SAUI 2, ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais libres de maleza respecto das vivendas de don Manuel xxxxx, don José David xxxxx, dona María xxxxx e don Isaac xxxxx; que en caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas e deúselles trámite de audiencia.

Con data 24 de agosto do 2016 e número de rexistro de entrada 16/1801 o Ministerio de Economía e Facenda, Delegación de Economía e Facenda da Coruña, en relación coa limpeza da parcela 77 do SAUI 2 SOLICITA que o concello proceda coa EXECUCIÓN SUBSIDIARIA dos traballos que sexan precisos para cumprir co disposto no artigo 21 da Lei galega 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, repercutíndolle posteriormente ó Estado o importe dos mesmos, según se determina no artigo 22 da citada lei.

Igualmente solicitan que unha vez rematados os traballos de limpeza lle remitan (á Delegación) unha certificación dos traballos realizados así como a carta de pago expedida polo concello, polo importe correspondente co fin de tramitar o seu pago mediante transferencia bancaria.

Tendo en conta que o artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “ si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, según o disposto no artigo 21 ter.

Tendo en conta que o informe técnico de data 3/10/2016 sinala que *“Feita inspección técnica no lugar de xxxxx - Sergude, compróbase que a parcela, dedicadas a monte e que*

*están preto das vivendas de don don Manuel xxxxx, don José David xxxxx, dona María xxxxx e don Isaac xxxxx, están con abundante maleza.*

*Dita parcela correspóndese co número 77 do plano adxuntado polo presidente da Xunta de Compensación do SAUI 2 Boqueixon.*
*Existe risco de incendio respecto das vivendas que están preto da parcela citada.”*

Tendo en conta que a memoria valorada, realizada pola arquitecta municipal Mª Carmen Novoa Sío o 4 de outubro do 2016, de desbroce e limpeza da parcela número 77 según plano do parcelario do SAUI 2, localizada no lugar de Pontillón – Sergude, sinala que:

*“A superficie da finca que queda incluída na rede secundaria de xestión da biomasa vexetal é de 305 m2.*
*Tendo en conta a ordenanza municipal vixente, realízase a seguinte valoración das actuacións necesarias:*

| *PARTIDA* | *MAN DE OBRA* | *XORNADAS* | *IMPORTE* |
|---|---|---|---|
| *Roza e limpeza por medios mecánicos (60 €/h)* | *1 operario* | *4 horas (1/2 xornada)* | *240 €* |
| *Xestión de residuos* | | | *250 €* |
| | | ***TOTAL*** | ***490 €*** |

A Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a memoria valorada , das actuacións necesarias para levar a cabo o desbroce e limpeza da parcela número 77 según plano do parcelario do SAUI 2, localizada no lugar de Pontillón – Sergude, por importe total de **490 euros.**

2. Executar subsidiarimente o Concello de Boqueixón os traballos de roza, limpeza e xestión de residuos.

3.Unha vez efectuados a limpeza remitirase o corresponde informe municipal dos traballos realizados e a carta de pago polo importe reflectido na memoria valorada.

3. Dar traslado deste acordo á Delegación de Economía e Facenda da Coruña.

**20. Aprobación bases e prezos públicos actividades culturais e deportivas outono 2016**

Vista a “ordenanza reguladora dos prezos públicos por servizos ou actividades promovidas polo Concello de Boqueixón nas áreas de cultura, deporte, xuventude e servizos sociais” aprobada no Pleno ordinario do día 14 de marzo de 2012, a Xunta de Goberno acorda:

1º) Aprobar as seguintes bases reguladoras das escolas culturais e deportivas 2016/2017:

- <u>Inscricións:</u>
  * As inscricións realizaranse no departamento de cultura (cultura@boqueixon.com) ata o 27 de setembro, presentando xunto coa ficha de inscrición unha certificación bancaria co nº de conta.

*Requírese un grupo mínimo de participantes para o inicio das actividades.
*Prazas limitadas con preferencia dos empadroados en Boqueixón.

- Duración:
  *Do 3 de outubro de 2016 ao 31 de maio de 2017, agás ocioteca ata fin de curso.
  *Os días de actividade rexeranse polo calendario escolar.

- Pagamento:
  *Realizarase con carácter bimestral mediante domiciliación bancaria.
  *En caso de devolución do recibo os gastos bancarios correrán por conta do titular.
  *Non se reintegrará ningún importe sen causa debidamente xustificada.

- Descontos:
  *2º fillo na mesma actividade 25%; 3º fillo: 50%; sucesivos de balde
  *2ª actividade: 25%; 3ª actividade: 50% ; sucesivas: de balde. Entenderase por 1ª actividade a de maior importe e así sucesivamente.

- Baixas: Deberán presentarse por escrito no dpto. de cultura(cultura@boqueixon.com) antes do día 20 do mes anterior.

2º) Aprobar os prezos públicos para as seguintes escolas culturais e deportivas:
- Mecanografía/informática: 20 €/mes
- Teatro: gratuíto
- Ocioteca: 10 €/mes
- Inglés escolares (ata E.Secundaria): 20 €
- Inglés adultos: 25 €/mes
- Debuxo e pintura: gratuíto
- Patinaxe: 10 €/mes
- Judo: 15 €/mes

3º) Aprobar os prezos públicos para outras actividades incluídas na programación de Xanela de Outono 2016 :
- Informática e internet para maiores (3 meses) 2 h. semanais:30 euros
- Aula de teatro maiores: gratuíto
- Tallado de pedra e madeira: gratuíto
- Obradoiro de radio: gratuíto
- Curso de primeiros auxilios: 30 €

**21. Devolución ingresos indebidos actividades de verán 2016**

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 16 de xuño de 2016 aprobáronse as bases e os prezos para as actividades previstas na programación de verán 2016.

Tendo en conta que algunhas persoas ingresaron indebidamente, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Devolver os importes que se especifican a continuación:

| Nome e apelidos do participante | Actividade | Motivo | Importe pagado | Importe a devolver |
|---|---|---|---|---|

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Anxo xxxxx | Verán activo (xullo-agosto) e natación | Ingresou de mais | 120 € | 20 € |
| Adrián xxxxx | Natación | Non asiste | 20 € | 20 € |
| Iris xxxxx | Verán activo | Non asiste á 2º quincena | 40 € | 20€ |
| Ainoa xxxxx | Verán activo e natación | Ingreso erróneo | 91 € | 21 € |
| Martín xxxxx | Campus deportivo | Non se realiza a actividade | 50 € | 50 € |

2.- Dar traslado deste acordo á Tesoureiría do concello para proceder á súa devolución.

**22. Aprobación gastos de manutención e desprazamento de mozo/a participante do programa "Deseñando o teu futuro "**

Con data do 20 de xullo de 2016 saíu publicada Resolución da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, do programa Deseñando o teu futuro regulado pola *ORDE do 27 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases do programa Deseñando o teu futuro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015, polo que s econcede o Concello de Boqueixón unha axuda económica 5.700 euros.*

Con data do 21 de xullo de 2016, o Concello de Boqueixón, comunica a aceptación da axuda concedida para o proxecto así como solicita o pagamento anticipado do gasto segundo o artigo 16.2 da Orde de convocatoria.

Con data do 1 de xullo comezaron a realizar as prácticas os mozos e as mozas nas empresas de acollida, tal e como se indica na táboa que adxunta.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar e aboar as bolsas ós/ás mozos e mozas beneficiarios/as que finalizaron as estadías-visitas nas empresas de acollida durante o mes de xullo e de agosto de 2016.

| NOME E APELIDOS | DNI | NÚM CONTA BANCARIA | DATAS DE REALIZACIÓN DA ESTADÍA-VISITA | EMPRESAS DE ACOLLIDA | DÍAS | IMPORTE DA AXUDA | TOTAL (6€ PERSOA/DÍA) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ADRIÁN xxxxx | xxxxx | xxxxx | 05/09/2016 ó 14/09/2016 | SANTOS, COCINA Y BAÑO,SL | 7 días | 6 euros | 42 euros |
| ALEJANDRA xxxxx | xxxxx | xxxxx | 22/09/2016 ó 02 /09/2016 | CASA CASAL | 10 días | 6 euros | 60 euros |
| ALICIA xxxxx | xxxxx | xxxxx | 8/08/2016 ó 22/08/2016 | RESIDENCIA STA.OLALLA | 9 días | 6 euros | 54 euros |
| ÁLVARO xxxxx | xxxxx | xxxxx | 06/09/2016 ó 15/09/2016 | MUEBLES FERREIRO, SL | 9 días | 6 euros | 54 euros |
| ÁNGELA xxxxx | xxxxx | xxxxx | 01/09/2016 ó 23/09/2016 | ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL RAÍÑA LUPA | 15 días | 6 euros | 90 euros |
| ANXO xxxxx | xxxxx | xxxxx | 05/09/2016 ó 23/09/2016 | DIESEL INYECCIÓN MILLADOIRO SL | 15 días | 6 euros | 90 euros |
| BRAIS xxxxx | xxxxx | xxxxx | 01/09/2016 ó 13/09/2016 | ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO | 10 días | 6 euros | 60 euros |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| BRAIS xxxxx | xxxxx | xxxxx | 08/08/2016 ó 30/08/2016 | CONCELLO DE BOQUEIXON | 15 días | 6 euros | 90 euros |
| CRISTIAN xxxxx | xxxxx | xxxxx | 17/08/2016 ó 07/09/ 2016 | TECNO SECURITY ESPAÑA | 15 días | 6 euros | 90 euros |
| DIANA xxxxx | xxxxx | xxxxx | 01/09/2016 ó 09/09/2016 | CONCELLO DE BOQUEIXON | 7 días | 6 uros | 42 euros |
| MARÍA xxxxx | xxxxx | xxxxx | 05/09/2016 ó 09/09/2016 | CLECE, SA | 5 días | 6 euros | 30 euros |
| GONZALO xxxxx | xxxxx | xxxxx | 08/08/2016 ó 19/08/2016 | TALLERES LESTEDO | 10 días | 6 euros | 60 euros |
| JESSICA xxxxx | xxxxx | xxxxx | 05/09/2016 ó 30/09/2016 | CLÍNICA VETERINARIA A MEDIA LÚA | 5 días | 6 euros | 30 euros |
| JULIA xxxxx | xxxxx | xxxxx | 03/08/2016 ó 12/08/2016 | CONCELLO DE BOQUEIXON | 6días | 6 euros | 36 días |
| LUCÍA xxxxx | xxxxx | xxxxx | 17/08/2016 ó 07/09/2016 | PAC VETERINARIO DE ÁREA CENTRAL | 15 días | 6 euros | 90 euros |
| LUCÍA xxxxx | xxxxx | xxxxx | 02/09/2016 ó 22/09/2016 | RESIDENCIA STA.OLALLA | 15 días | 6 euros | 90 euros |
| MANUEL xxxxx | xxxxx | xxxxx | 08/08/2016 ó 29/08/2016 | TALLERES LESTEDO | 15 días | 6 euros | 90 euros |
| MARINA xxxxx | xxxxx | xxxxx | 08/08/2016 19/08/2016 | CONCELLO DE BOQUEIXON | 10 días | 6 euros | 60 euros |
| RUBÉN xxxxx | xxxxx | xxxxx | 16/08/2016 ó 06/09/2016 | CONCELLO DE BOQUEIXON | 15 días | 6 euros | 90 euros |
| TAMARA xxxxx | xxxxx | xxxxx | 13/08/2016 ó 26/08/2016 | MERILLOTES FOTOGRAFÍA | 5 días | 6 euros | 30 euros |
| MARTA xxxxx | xxxxx | xxxxx | 08/08/2016 ó 26/08/2016 | CASA DE CASAL | 15 días | 6 euros | 90 euros |
| CARLOS xxxxx | xxxxx | xxxxx | 01/08/2016 ó 12/08/2016 | CONCELLO DE BOQUEIXON | 10 días | 6 euros | 60 euros |
| SANDRA xxxxx | xxxxx | xxxxx | 16/08/2016 ó 29/08/2016 | CONCELLO DE BOQUEIXON | 10 días | 6 euros | 60 euros |
| | | | | | | **TOTAL** | **1.488 EUROS** |

2.- Comunicar este acordo ó departamento de contabilidade para que proceda a realizar os pagos ós participantes do programa.

**23 Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Boqueixón e o Concello de Santiago de Compostela para o abastecemento de auga potable ó aeroporto de Lavacolla.**

O aeroporto de Lavacolla precisa do subministro de auga potable para abastecer tódolos locais e oficinas que conforman as súas instalacións. E por iso polo que este concello, tendo en conta que o caudal a subministrar ( 240 m³/día) non afecta ó correcto servizo da propia infraestrutura municipal, elabórase un convenio, cun período de vixencia de 5 anos e un custo de 0,745 €/m³, para dar servizo ás instalacións do aeroporto.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

**1.** Aprobar o convenio que a continuación se transcribe literalmente:

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BOQUEIXÓN E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ABASTECEMENTO DE AUGA POTABLE Ó AEROPORTO DE LAVACOLLA**

Santiago de Compostela, ------------------de -----------------------de 2016

COMPARECEN:

D. OVIDIO RODEIRO TATO, Alcalde – Presidente do Concello de Boqueixón

D. MARTIÑO NORIEGA SANCHEZ, Alcalde - Presidente do Concello de Santiago de Compostela.

Ambas partes teñen e recoñecen ter capacidade legal para formalizar o presente Convenio e, na súa virtude,

**EXPOÑEN:**

1. Que o Concello de Boqueixón xestiona de forma directa, o abastecemento de auga potable da estación de tratamento situada no lugar de Orto.

2. Que a citada estación de tratamento de auga potable ten unha capacidade de tratamento de 30 litros/seg.; 2.592 $m^3$/día

3. Que neste momento a rede de abastecemento subministra a auga suficiente para abastecer ós abonados do servizo da poboación de Boqueixón, así como ós concellos de Vedra,Vila de Cruces e Santiago de Compostela ( núcleo de Lavacolla e Marrozos)

4. Que o aeroporto de Lavacolla, limítrofe con Boqueixón, non dispón de abastecemento de auga municipal, servizo necesario para esta entidade

5. Que o abastecemento de auga do Concello de Boqueixón é un servizo custoso en función do número de usuarios de que dispón e o Concello de Santiago de Compostela, está interesado en compartir este servizo e colaborar proporcionalmente no seu custo, para á súa vez, subministrar auga ó aeroporto de Lavacolla.

6. Que o artigo 81 da Lei de administración local de Galicia (Lei 5/1997) establece como servizo mínimo que deberá prestarse en tódolos municipios, o de abastecemento domiciliario de auga potable, que se prestará por cada municipio individualmente ou asociándose.

7. Que a Lei 40/2015, do réxime xurídico co sector público no seu artigo 3.1 k) prevé a cooperación, colaboración e coordinación entre as administracións públicas.

8. Que a Lei reguladora das bases de réxime local nos artigos 55 e 57 establecen que para a efectiva coordinación e eficacia administrativa, as administracións de acordo co principio de lealdade institucional, deberán… prestar a cooperación e asistencia activas que as outras administracións poidan precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas. Dita cooperación pode ter lugar mediante a suscripción de convenios administrativos.

9. Que o pleno da corporación en sesión plenaria celebrada o 25 de setembro de 2014 aprobou as tarifas pola prestación do servizo de abastecemento, correspondendo aos aboados industriais as seguintes tarifas: 0,745 € $m^3$ consumido máis IVE.

Polo exposto, ambos Concellos acordan subscribir o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

**CLÁUSULAS:**

**1ª.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto regular o abastecemento de auga ó Aeroporto de Lavacolla no Concello de Santiago de Compostela.

**2º.- DESENVOLVEMENTO**

A viabilidade do mencionado abastecemento queda fundamentada no informe técnico correspondente emitido no seu día pola empresa Espina y Delfin, SL, que foi concesionaria do servizo

**3º.- VIXENCIA**

O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e terá unha duración de 5 anos, que poderá ser prorrogada por acordo expreso de ambas partes sempre que o obxecto inicial do presente Convenio así o aconselle.

**4º.- OBRIGAS DAS PARTES**

Para o bo cumprimento dos obxectivos deste convenio as partes comprométense a :

a) A aportar cada concello o persoal e infraestruturas que requira a correcta execución do presente convenio, dentro dos límites dos seus respectivos municipios.

b) O Concello de Boqueixón, non poderá suspender, pola natureza do propio servizo, o subministro; en todo caso só poderá fundamentar en razóns de forza maior (avarías, escaseza de caudal, etc.) ou no incumprimento do convenio a interrupción do mesmo, non tendo o Concello de Santiago de Compostela dereito a reclamación algunha por este motivo.

c) A forma de pago será mediante factura a trimestre vencido, na que se detallarán os metros cúbicos abastecidos e o prezo aplicado. O impago das facturas, fóra do período voluntario de 70 días, será razón suficiente para a interrupción do servizo.

   O prezo por $m^3$ de auga abastecido será de 0,745 €/$m^3$ (máis IVE), correspondente ós aboados industriais, comerciais e obras, segundo ordenanza fiscal do abastecemento da auga do Concello de Boqueixón publicada no BOP núm. 224 do día 21/11/2014,. Este prezo será válido durante todo o ano 2016. Nas seguintes anualidades aplicaranse as tarifas que o Concello de Boqueixón acorde mediante a modificación plenaria da correspondente ordenanza.

d) As facturacións realizaranse directamente polo Concello de Boqueixón ou ben pola concesionaria que resulte adxudicataria no seu momento no caso de que prestase o servizo indirectamente, á empresa Viaqua, xestora do servizo de abastecemento no Concello de Santiago. Xirarase a factura correspondente ó trimestre vencido, unha vez efectuado o abastecemento de auga potable.

e) O caudal máximo a subministrar á rede de abastecemento para o subministro ó Aeroporto de Lavacolla será de 240 $m^3$/día

**5.- EXTINCIÓN**

Será causa de extinción da relación obrigatoria o incumprimento por calquera das partes asinantes de calquera das cláusulas que figuran no mesmo, así como o acordo expreso de ambas partes.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas polo presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolvelo.

**5º.- XURISDICIÓN**
As partes someterán as diverxencias que puideran establecerse da interpretación do presente convenio por analoxía ós principios do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o TRLCSP ou, no seu defecto, ós principios do dereito administrativo.
As cuestións litixiosas que puideran xurdir na interpretación das obrigas derivadas do presente convenio resolveranse por vía administrativa ou, no seu caso, mediante xurisdición contencioso-administrativa.
Unha vez lido o presente convenio e atopándose conforme asínase por duplicado e a un so efecto no lugar e data arriba citados

| POLO CONCELLO DE BOQUEIXÓN | POLO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA |
|---|---|
| O Alcalde | O Alcalde |
| Asdo.: Ovidio Rodeiro Tato | Asdo.: Martiño Noriega Sánchez |

**2.** Ratificar este acordo na vindeira sesión plenaria

**3.** Comunicar este acordo ó Concello de Santiago coa finalidade de proceder coa súa tramitación oportuna.

**24. Rogos e preguntas**

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

Visto e prace

A secretaria O alcalde